

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 2 de maio de 2024 pola que se modifica a Orde do 27 de febreiro de 2024 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

A Orde do 27 de febreiro de 2024, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 49, do 8 de marzo), establece, entre outras cuestións, o prazo para a presentación da solicitude única. En concreto, o seu artigo 16.5 prevé, con carácter xeral, que o prazo de presentación da solicitude única se iniciará o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día 30 de abril de 2024. Así mesmo, o artigo 17, parágrafo 1, desta norma regula o prazo de modificación da solicitude única e, para tal efecto, dispón que, unha vez finalizado o prazo para a presentación da solicitude única, as persoas solicitantes poderán modificar a solicitude ata o 31 de maio de 2024.

A disposición derradeira primeira do Real decreto 408/2024, do 23 de abril, polo que se modifica o Real decreto 1055/2021, do 30 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa das subvencións estatais para a renovación do parque nacional de maquinaria agraria, introduce unha disposición transitoria segunda no Real decreto 1048/2022, do 27 de decembro, sobre a aplicación, a partir de 2023, das intervencións en forma de pagamentos directos e o establecemento de requisitos comúns no marco do Plan estratéxico da política agrícola común, e a regulación da solicitude única do sistema integrado de xestión e control, que regula unha adaptación de prazos e condicións para a campaña 2024, que, en particular, afecta os prazos de presentación e modificación da solicitude única da PAC na campaña 2024.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das facultades que me confiren a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación da Orde do 27 de febreiro de 2024 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.



Un. O número 5 do artigo 16 queda redactado como segue:

«5. O prazo de presentación da solicitude única iniciarase o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 31 de maio, ambos incluídos. Non obstante, admitiranse solicitudes ata a data de finalización do prazo de modificación da solicitude única, de acordo coas condicións establecidas no artigo 108.3 do Real decreto 1048/2022».

Dous. O número 1 do artigo 17 queda redactado como segue:

«1. Unha vez finalizado o prazo para a presentación da solicitude única, as persoas solicitantes poderán modificar a solicitude ata o 15 de xuño incluído».

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da Dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), no ámbito das súas competencias, para ditar as instrucións precisas para executar esta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural

